

O CICLO DO MAIO NA PROVINCIA DE LUGO.

PUBLICACIÓN. * REV. LUCUS, nº 45, 2000.

**** TEMPOS DE FESTA EN GALICIA. T.II. ARTIGOS REFERENTES AS FESTAS DE LOURENZÁ E VIVEIRO. FUNDACIÓN CAIXA GALICIA. 2005.***

AUTOR. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

O CICLO DO MAIO NA PROVINCIA DE LUGO.

AUTOR. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. A DURACIÓN DO CICLO DO MAIO.

A duración deste ciclo comeza a mediados do mes de abril e remata a mediados de maio, aínda que algúns autores tentan unilo coa festa do San Xoán¹. Neste tempo hai manifestacións de tipo preventivo, propiciatorio e festivo. As preventivas teñen como finalidade previr e arredar todo aquilo que poida resultar prexudicial para a facenda e os seus integrantes. As segundas tentan favorecer-lo benestar da casa por medio das boas colleitas, da procreación dos animais etc. Finalmente as festivas teñen como motivo celebrar a fin do inverno e o comezo do bo tempo, simbolizado pola primavera. Trátase do renacemento da natureza, que se repite todos os anos e do cal todos participamos. É a contraposición do tempo cíclico, que o home desexa vivir, en detrimento do tempo lineal. A festa dos Maios e logo a do San Xoán implican unha exaltación da vida con múltiples expresións: a vida dos homes, dos animais e das plantas co lume e a auga como principios².

II. AS ORIXES DESTE CICLO.

A orixe destas festas é moi antiga. Hai pensadores que sosteñen que os primeiros antecedentes hai que buscalos no período Magdaleniense do Paleolítico superior ou no Neolítico, etapas nas que apareceron a maioría dos cultos de carácter agrario, que ían ligados á fecundación e á procreación. Na cultura grega algunha destas manifestacións quedaba reflectida coa celebración á deusa *Deméter*, protectora dos froitos do campo. Logo os romanos celebraban

¹ RIVAS, Paco: *Festas de Galicia*, Servicio Publicacións, Deputación Provincial de Lugo, 1996, pax. 51.

² GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *A festa de S. Xoán*, Ir Indo, Vigo, 1989, páx. 19.

durante os meses de abril e maio varias festividades dedicadas a unha serie de deidades, ligadas coa actividade agropecuaria. Así o 12 de abril era o comezo das festas e xogos da deusa *Ceres*. O 15 conmemoraban as Fordicidia en honor de *Tellus*, ao que lle ofrecían sacrificios para que propiciase as boas colleitas. O 21 as Parilia de *Pales*, nas que se poñían ramallos nas cortes. Do 28 de abril ó 3 de maio celebraban as Floralia en honor de *Flora*, protectora da vexetación e dos xardíns; de noite prendían fogueiras nas terras cultivadas e percorríanas portando fachicos de palla ardendo. O 19 de maio tiña lugar a festa das Ambarulas ou Ambarvalias de Ceres; sacrificábanlle porcos, ovellas etc., para purificar e preserva-las sementeiros³.

III. A TIPOLOXÍA SOBRE O MAIO.

O maio, segundo *Mannhart*, sería unha festa ou rito á fecundidade co fin de congraciarse co espírito da vexetación, instaurada polas primeiras agrupacións que de forma sedentaria se adicaron ao cultivo das terras e que estableceron un ritual animista naqueles momentos críticos da vida vexetal como son a sementeira, o florecemento e a colleita⁴. Esta representación animista expresárase con figuras humanas cubertas de flores e follas, pólas de árbores etc. En Galicia podemos distinguir dous tipos de maíos:

1º. OS MAIOS HUMANOS.

Son aqueles nos que un neno, cuberto con flores, pólas e follas, fai de maio⁵. Chamábaselle "o Solista" e ía acompañado polo "Coro", que repetía a estrofa que el cantaba. Logo pedían castañas secas, noces, diñeiro...⁶ *O Maio, na súa manifestación máis sinxela, é un rapaz, coberto de edra, panqueixo, cangorza, espadaña, follas, ramaxe diverso, e frores, velada a cabeza cun pucho de xuncos, que sae o primeiro, ou primeiros días, de maio, arrodeado dun*

³ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *A festa dos Maíos*, Vigo: Ir Indo, 1989, páxs. 30-31.

⁴ TARRÍO FERNÁNDEZ, José Antonio: Cultura, "Educación e Tradicións populares en Galicia", en *Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 50*, Ed. do Castro, A Coruña, 1989, p. 89.

⁵ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *As festas cíclicas do ano*, Santiago de Compostela: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº 2, Santiago de Compostela, 1991, páx. 85.

⁶ RIVAS, Paco: *Obr. cit.*, páx. 52.

*coro de nenos ou mozos a percorrer as rúas do pobo... Detéñense de vez en cando e canta o enmascarado unha estrofa que os demais repiten"*⁷. Nesta variante apréciase unha importante participación dos rapaces, que acompañan a un mozo, vestido de follas e ramas de árbores, e



percorren as rúas das vilas pedindo dávidas, mentres cantan coplas de distinta índole. O rapaz enramado é o Walber xermánico, o Xorxe Verde da Carintia ou o

FACENDO O MAIO EN PORTOMARÍN.

Jack-in-the-green inglés, que saían nos pobos da vella Europa, como representación antropomórfica da forza vexetal⁸. En Alsacia saía ás rúas unha rapaciña chamada "*Rosiña de Maio*", vestida de branco e levando na man unha pequena árbore de maio adornada con cintas, mentres que os seus compañeiros recollían obsequios, que a xente lles daba, para recompensa-los cantos⁹.

1.1. VESTIMENTA DO MAIO HUMANO NA PROVINCIA DE LUGO.

En Viveiro o maio era un mozo vestido de Ramallosa¹⁰. En Mondoñedo andaban en cada pandilla un ou dous maios, cubertos de loureiro e salgueiro, e tamén de frores e xestas¹¹. En

⁷ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Etnografía Galega. Cultura Espiritual*, Vigo: Galaxia, 1972, páx. 66.

⁸ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Obr. cit.*, páx. 67.

⁹ TARRÍO FERNÁNDEZ, José Antonio: *Obr. cit.*, páx. 97.

¹⁰ RISCO, Vicente: "Etnografía. Cultura Espiritual", en *Historia de Galiza dirixida por Ramón Otero Pedrayo*, Akal, 1979, páx. 653.

¹¹ RISCO, Vicente: *Obr. cit.*, páx. 654.

Monforte de Lemos o maio levaba posto ramas de ameneiro, bido e negrillo¹². En *Lugo* cubríanse con fiúncho e flores e levaban na cabeza unha fermosa coroa tamén floral¹³. Nas *Nogais* facía de maio unha persoa maior que se cubría cunha longa capa recuberta con palla cosida, que lle chegaba ata os pés¹⁴.

2º. OS MAIOS FIGURADOS.

Trátase daqueles que simbolizan unha figura como por ex. os de forma cónica de *Pontevedra, Ourense etc.*, ou doutra índole, como un pote, un cruceiro...¹⁵. Nesta variante fanse maios creativos que representan temas de distinta natureza, como é o caso de hórreos, casas etc. Nalgúns pobos da costa aparece o maio en forma de barco, aínda que esta representación tamén xurde nalgúns lugares do interior¹⁶. ***"Outro tipo de Maio é o figurativo:coniforme, piramidal, estrelado, cruceiro, hórreo, barco, moneco..., adornado con ramallo, follas, frores e ovos. Levan pariolas ou rodas pra ser transportados"***¹⁷.

IV. ALGUNHAS COPLAS SOBRE OS MAIOS NA PROVINCIA DE LUGO.

As coplas sobre os maios son moi variadas, podendo establecerse a seguinte tipoloxía:

1ª. COPLAS DE MAIOS HUMANOS.

Estas normalmente carecían de calquera elemento burlesco, coñecíanas case todos os veciños da comunidade e non había cambios nos seus versos. Distingo os seguintes modelos:

¹² RISCO, Vicente: *Obr. cit.*, páx. 654.

¹³ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 64.

¹⁴ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 68.

¹⁵ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *Obr. cit.*, 1989, páx. 85.

¹⁶ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997, páxs. 61-62.

¹⁷ TABOADA CHIVITE, Xesús: *Obr. cit.*, páx. 67.

1.1. COPLAS QUE PEDÍAN LICENCIA PARA CANTAR O MAIO.

*“A canta-lo Maio
señores acá vimos
e para cantalo
licencia pedimos”¹⁸.*

1.2. COPLAS PARA PEDIR CASTAÑAS, NOCES, MAIOLAS...

*“Tire castañas
señora Manuela,
tire castañas
que as trae na barrela.
Tire castañas
señor Antón,
tire castañas
que as ten no balcón”¹⁹.*

*“Non demore moito
da hucha do pan,
bote maiolas
señor capitán.
Diñeiro vimos pedir
desde abril,
castañas vimos buscar
desde nadal”²⁰.*

¹⁸ RIVAS, Paco: *Festas de Galicia*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 53.

¹⁹ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 68.

*“Bote maiolas
o seu donativo;
si non ten maiolas
hai noces ou figos”²¹.*

1.3. COPLAS QUE DEPENDÍAN DA CONTÍA DO AGUINALDO.

*“Esta casa é de ferros,
aquí viven "caballeros".
Esta casa é de pedra,
aquí vive xente "buena".*

*“Esta casa é de palla,
aquí vive a canalla.
Esta casa é de fentos,
aquí viven os famentos”²².*

1.4. COPLAS QUE AMOSABAN OS ROUBOS QUE REALIZABA O MAIO.

*“Aí vén o maio,
por enriba da silveiras,
aí vén o maio
de roubar ás costureiras.
Aí vén o maio
por enriba dos tellados,*

²⁰ DONAPETRY IRIBARNEGARAY, Juan: *Historia de Vivero y su concejo*, Vivero: A. Gráficas A. Santiago, 1953, páxs. 377-384

²¹ CHIVITE, Taboada: *Obr. cit.*, pág. 66.

²² GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, pág. 69.

*aí vén o maio
de roubar ós escribanos”²³.*

*“Ehí vén o Maio
pola calle do sol
ehí vén o Maio
de roubar a Valledor”²⁴.*

*“Para facer este maio
tivemos que ir mangar
fiuncho e mailas flores
para podelo adubiar”²⁵.*

1.5. COPLAS DE DESPEDIDA.

*“La despedida la damos
con alegría muy noble,
que para el año que viene
ya le cantaremos doble”²⁶.*

*“Perdonen ustedes señores
polo maio mal cantado,
que comeu caldo de uvas
e quedou acatarrado”²⁷.*

²³ DONAPETRY IRIBARNEGARAY, Juan: *Obr. cit.*, páxs. 377-384.

²⁴ RISCO, Vicente: *Obr. cit.*, páx. 654.

²⁵ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *As festas cíclicas do ano*, , Santiago de Compostela: Manuais do Pobo Galego 1991, páx. 87.

²⁶ RISCO, Vicente: *Obr. cit.*, páx. 661.

²⁷ RIVAS, Paco: *Obr. cit.*, páx. 54.

1.6. COPLAS SIMBÓLICAS.

*“Levántate maio
que tanto durmiche,
pasou o inverno
e non o sentiche”²⁸.*

*“Erguete Maio
que tanto durmiches,
pasou o burro
e tu nono viches”²⁹.*

Nalgúns lugares, coma Viveiro, os rapaces tiran no chan por riba do maio castañas, noces e outros froitos secos,



TIRÁNDOLLE CASTAÑAS AO MAIO

mentres durme. O feito de que lle digan ó maio que se levante parece simbolizar -segundo Mariño Ferro- *"que os froitos secos representan ó inverno vencido polo maio, vestido de primavera, que se ergue do sono invernol"*³⁰.

2º. COPLAS DE MAIOS FIGURADOS.

Os seus versos adoitan ter moitas veces un ton burlesco e satírico. Fan mención a sucesos que tiveron lugar no transcurso do ano nesa vila ou cidade. Ademais das coplas introdutorias, que

²⁸ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 65.

²⁹ RISCO, Vicente: *Obr. cit.*, páx. 654.

³⁰ MARIÑO FERRO, Xosé Ramón: *Cultura popular*, O Castro (A Coruña) :Manuais do Museo do Pobo Galego, nº 1, Ed. do Castro, 1985, páx. 137.

fan referencia ó acto do maio, proliferan as referencias satíricas a feitos ligados coa política³¹.

*“Ramaxe moi verde
de musgo vestido
florece no maio
todo colorido”*³².

*“Cerebros que pensan
en plan de avestruces,
convirten o mundo
en patio de luces”*³³.

*“Este noso maio
é pra criticar,
e o que se pique
que empece a rañar”*³⁴.



FEITURA DOS BRAZOS

*“Señoras e señores
poñan atención
que vamos falar
do señor Gobernador.
Nin é alto, nin é baixo,
nin é malo, nin é bo,
parece un reló parado
dentro da Diputación*³⁵.

³¹ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *Obr. cit.*, páx. 62.

³² GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 93.

³³ RIVAS, Paco: *Obr. cit.*, páx. 57.

³⁴ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 101.

No ano 1998 o "María Castaña" de Lugo tradición dos maios, Lugo desde hai uns oitenta domingo de maio dese ano agrupación cultural maio, cuberto con xestas e cantaban a chegada do bo froitos novos. Pola contra acompañaban a tres maias, e ataviadas con vistosas simbolizaban a fertilidade

Agora ben ¿que eran as os maios eran algo



colectivo cultural recuperou a esquecida en anos. O primeiro algúns mozos da acompañaban ó fiúncho, co que tempo e dos algunhas mozas vestidas de branco flores, que da terra³⁶.

maias? Mentres característico

ACABANDO DE REALIZAR O MAIO

dos rapaces, pola contra as maias o eran das rapazas. Tratábase normalmente dun grupo de mozas, que levaban unha sinxela cruz floral. Unha delas facía de "maia", portando unha bandexa para recoller os aguinaldos. Había que distinguir dúas clases:

*** AS MAIAS PAGÁS.**

Nos seus cantos e adornos non había ningún elemento vinculado co cristianismo. Estas logo de anunciar o bo tempo, pedían o aguinaldo.

³⁵ GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé Manuel: *Obr. cit.*, páx. 62.

³⁶ *Diario "El Progreso" de Lugo, 11 de maio de 1998, páx. 4.*

*** AS MAIAS CRISTIÁS.**

Tamén anunciaban a chegada do bo tempo, mais a diferenza das maias pagás facíano en nome dun ser sagrado. Das primeiras sabemos que a última documentada foi a de *Tiobre* (Betanzos)³⁷.





O MAIO PERCORRENDO AS RÚAS DE PORTOMARÍN

V. A FESTA DO MAIO EN PORTOMARÍN.

³⁷ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Ob. cit.*, 1989, páx. 134.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
DO CONCELLO DE PORTOMARÍN





Nesta vila segue celebrándose desde hai moito tempo esta festa que tenta simbolizar o renacemento da natureza. *"Nosoutros intentamos conservar a natureza con estas flores, con esta vestimenta do maio"*³⁸. Hai bastantes anos algúns barrios da antiga vila de Portomarín, como *o da Ruanova, o da Sta. Isabel, o da Ponte e o de Riotorto* tiñan o seu maio, que percorría inicialmente o seu territorio. Logo xuntábanse e ían polas distintas rúas da vila, acompañados de rapaces. O maio levaba na man un longo pao para defenderse e non deixar coller a mozos doutros grupos as castañas, noces, doces e cartos, que lles tiraban desde as ventás.

REALIZANDO O MAIO

Ó inicio dos cincuenta o profesor *Gonzalo Paz* descríbenos esta festa do seguinte xeito: *"Entre las fiestas de carácter profano se celebra todavía en Portomarín la tradicional Festa d'os Maios (fiesta primaveral), que simboliza la llegada del buen tiempo. Con arreglo a esta antiquísima costumbre, el primer día del mes de mayo aparece un joven totalmente cubierto con ramas de "xestas" por las calles de la villa, rodeado de un número variable de niños que van cantando canciones tradicionales y pidiendo las "maias" (castañas pilongas):*

*"Tírenos as maías
señora María;
tírenos as maías
que bailan n'a criba".*

"As maías podres

³⁸ Informante de Portomarín, José Vázquez Rodríguez.

e o pan valorento

denos un gotiño

pra que nos corra adrento”.

Los vecinos tiran las castañas desde las ventanas y las recogen los acompañantes del maio, que lleva una vara para impedir a otros niños que se apoderen de ellas”³⁹.

A tradición do maio seguiuse conservando no novo Portomarín impulsada case sempre polo propio concello. Así no ano 1986 saíron varios maíos, vestidos con xestas de flor amarela e branca, e dous cubertos co colmo de centeo, que suxetaron ao corpo facendo un nó sobre a cabeza⁴⁰. No ano 1998, saíu polas rúas da vila un maio, acompañado non só de rapaces, como era



antes, senón tamén de rapazas. Tirábanlle desde algunhas ventás da vila doces, cartos e maiolas (castañas secas). A castaña remata neste tempo coa súa función simbólica e alimentaria xa que é vencellada ao inverno, á escuridade e ós defuntos⁴¹. Este maio constaba dos elementos, que seguindo unha orde descendente eran os seguintes:

1º. O capuchón ou capuchino, feito de xestas de flor branca, remata nunca cruz vexetal sobre a cabeza, construída coa mesma materia prima.

2º. Os brazos e o xersei, realizados tamén con xestas de flor branca.

3º. Finalmente o faldón, construído con xestas de flor amarela.

Algunhas veces o maio en vez de faldón levaba perneiras, realizados con xestas de flores brancas ou amarelas.

³⁹ PAZ LÓPEZ, Gonzalo: *Portomarín. Monografía geográfica de una villa medieval*, Premio Menéndez y Pelayo, 1953, Zaragoza, 1961, páxs. 147-148.

⁴⁰ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páxs. 47-48.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1991, pág. 87.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *A festa de S. Xoán*, Vigo: Ir Indo, 1989, pág. 18.

⁴¹ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Obr. cit.*, 1989, pág. 19.

Na realización do maio do 98 interviron as seguintes persoas:

D. José Vázquez Rodríguez, D. Ramón Vázquez Rodríguez, D. David Rivas e D. Eloi, alcalde da vila, preocupado por manter e recuperar todo tipo de tradicións.

Os maios desta vila sempre cantaron unha cantiga tradicional, que se limitaba a reflectir a data de celebración e a solicitar un donativo simbolizado polas maias (castañas secas). Nese ano (1998), ademais das maias ou maiolas, botáronlle ao maio doces e cartos. A cantiga conservase completa de dous xeitos:

1º. *“Ahí ven o maio,
maíño e;
este é o maio
que anda d'a pé.”
“Tírenos as maias
señora María;
tírenos as maias
que bailan n'a criba.
As maias podres
e o pan valorento,
denos un gotiño
pra que nos corra adrento”*⁴².



O MAIO RECORRENDOAS RÚAS DA VILA

2º. *“Aí vén o maio,
maíño é;
este é o maio
que anda de pé.
Tíreno-las maias
señora María,
tíreno-las maias
que bailan na criba.*

⁴² PAZ LÓPEZ, Gonzalo: *Obr. cit.*, páx. 148.

*As maías podres
e o pan balorento,
déanos un gotiño
pra que corran pra adentro*”⁴³.

Nese ano, algunhas persoas da vila recordábanse dos seguintes versos desta cantiga e introducían novos elementos nalgúnhas delas. Podemos establecer as seguintes variantes:

PRIMEIRA VARIANTE:

*“Aí vén, aí vén,
o maio, maiño;
tira castañas
señora María.
As castañas podres
e o pan balorento,
un trago de viño
pra que vaian pa adentro”.*

SEGUNDA VARIANTE:

*“Aí vén, aí vén,
o maio, maiño;
tire castañas
señora María.
As castañas podres
e o pan balorento,
tire un gotiño
pra que vaian dentro”.*

⁴³ GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio: *Obr. cit.*, 1989, páx. 49.

TERCEIRA VARIANTE:

*“Aí vén, aí vén,
o maio, maio;
tire castañas
señora María.
As castañas podres
e o pan balorento,
bote un pouquiño de viño
pra que corran pra adentro”.*

CUARTA VARIANTE:

*“Tire castañas
señora María,
tire castañas
que bailan na criba.
Co trigo podre
e o pan balorento,
déanos un gotiño
pra que corra dentro.”*

VI. A FESTIVIDADE DA SANTA ISABEL EN PORTOMARÍN.

O primeiro domingo de xullo remata o ciclo do maio nesta vila coa celebración da Sta.



Isabel. Esta festa foi descrita tamén por Gonzalo Paz da seguinte maneira: *"Una fiesta un tanto curiosa es la de Sta. Isabel, por la tradicional costumbre de adornar las puertas y ventanas de la planta baja de las viviendas con grandes ramas de árboles, sin que hayamos podido averiguar el origen de esta vieja costumbre, que no hemos observado en otros lugares de Galicia, y probablemente se trate de la cristianización del remoto culto al árbol practicado por los celtas, ya*

A RÚA PRINCIPAL DE PORTOMARÍN CUBERTA CON ESPADANAS E

FIÚNCHO. OS PORTAIS TAMÉN ORNAMENTADOS.

*que este día es también conocido por el de "a festa do follato"*⁴⁴. No novo Portomarín esta tradición foi recuperada polo concello hai uns quince ou dezaseis anos. O día da festividade, moi cedo, un importante número de veciños da vila vai recoller as ramas de diferentes árbores: abidueiro, ameneiro, chopo e salgueiro, coas que adornan as portas e ventás da planta baixa das vivendas, que están situadas ó longo da praza do concello e rúa principal. Tamén colleitan o fiúncho e as espadanas para enfeitar o pavimento da praza e rúa máis importante por

⁴⁴ PAZ LÓPEZ, Gonzalo: *Obr. cit.*, páx. 146.

onde vai pasar a procesión. Esta, logo da misa do mediodía, sae da igrexa parroquial, vai ata o remate da rúa principal e volve ó punto de partida. A distribución dos diferentes elementos, que interveñen nela, lévase a cabo do seguinte xeito:



1º. Tres rapaces da comunidade parroquial portan a cruz parroquial e dous ciriais.

2º. Catro mulleres da vila levan en andas a imaxe da Sta. Isabel.

3º. O crego concelebrante e os devotos, colocados sen distinción de idade e sexo.

Atendendo a **disposición da procesión** Álvarez Gastón **manifesta:** *"se trata de manifestaciones más multitudinarias, no sólo por los participantes activos sino también por los numerosos espectadores. Dentro de la comunidad local, es algo que llega vitalmente a los feligreses. Los elementos fundamentales de toda procesión son: las imagenes, la forma de llevarlas, el pueblo que participa y el que mira, el espíritu de la celebración - cantos, rezos, silencio..."*⁴⁵.

Ao remate da rúa hai un pequeno altar, que contén unha pequena imaxe de Cristo e algunhas flores de diferentes cores. Alí o crego da freguesía leva a cabo a bendición dos campos, rezando algunhas estrofas da seguinte oración⁴⁶.

⁴⁵ ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo: *La religiosidad popular*, Madrid : Cuadernos B.A.C. , 1981, páx.7.

⁴⁶ *O párroco da freguesía de Portomarín.*

“Deus providente/pai de todos/ preocúpase garimosamente/ polos seus fillos/ mantenos e protexeos/bendicindo a terra/ para que dea os froitos/ que sustentan ó home./ Invoquémo-lo/ con espírito filial/ dicindo:/ Escoitamos Señor.// Ti que polo/ apóstolo Paulo/ nos chamaches campoteu/ fai que cumpran/ en todo momento/ a túa vontade/ vivamos sempre/ unidos a ti/ Escoitamos Señor//.

Ti que nos ensinaches/ que somos sarmentos/ daquela vide que é Cristo/ fai que permanecendo/ no teu fillo/ déanos froito abondoso/ Escoitamos Señor//.Ti que bendíce-la terra/ e a enriqueces sen medida/ fai que os nosos campos/ coa túa bendición/ produzan alimento/ que precisamos/ Escoitamos Señor//.

Ti que multiplica-lo trigo/ co que nos da-lo/ noso pan de cada día/ e o alimento da Eucaristía/ concédenos colleitas abondosas/ co rocío do ceo / e a fertilidade da terra / Escoitamos Señor//. Ti que alimenta-los paxaros do ceo/ e vestes os lirios do campo/ ensínanos a non estarmos angustiados/ pensando no que imos a comer/ ou no que imos vestir/ senón a buscar sobre todo o teu reino/ e a túa xusticia/ Escoitamos Señor//.

⁴⁷ - MAPA

VII. A FESTIVIDADE DOS MAIOS EN LOURENZÁ.

Por outra banda, o 1 de maio, celébrase na vila de Lourenzá a entrada do bo tempo e o renacer da natureza. Esta celebración, de longa existencia no concello, consistía en que os nenos e nenas adoitaban vestir a un deles con flores, ramallos e xestas e, logo, percorrían as rúas da localidade pedindo o aguinaldo e cantando a copla do maio.

Na actualidade, sobresaí de novo a celebración dos Maíos, que exaltan a chegada do bo tempo e o renacer da natureza. Esta festa tiña noutrora fondas raíces no concello. Seguindo

⁴⁷ O mapa foi realizado por D. José Cancio Fernández, tomando como modelo o que deseñou Antón León para o libro *Cancioneiro da Terra Chá (Pol)* de Isaac Rielo Carballo.

o modelo dos maíos humanos, característicos do norte de Galicia, os nenos e nenas adoitaban vestir un rapaz con flores, ramallos e xestas, para percorreren con el as rúas da vila, pedindo o aguinaldo ao cantaren a copla do maio.

A partir do ano 1994, a festa acadou un novo pulo por iniciativa da asociación Merlín e mais o concello de Lourenzá, que incorporaron novos elementos á celebración, conseguindo así unha meirande participación da xente da vila.

No intre actual a conmemoración do maio está moi enraizada na localidade e nela toman parte as asociacións locais, os veciños e veciñas, que dende primeiras horas da mañá do día 1 de maio compoñen os elementos, que toman parte polas rúas da vila e que son.

1º. O MAIO. Representación simbólica dun rapaz, que vai ornamentado con xestas e levado por rapaces.

2º. A MADALENA. Representada por unha rapaza da vila ataviada con flores. É portada nun “carro moi enfeitado, tirado por un burro”.

3º. OS ARCOS. Están decorados con flores e son levados por rapazas.

Ademais, hai unha serie de actividades complementarias, como, **“A escenificación do baile do maio”**, que corre a cargo da “Asociación Osorio Gutiérrez.

Por outra banda a copla do maio que se emprega neste evento é a seguinte:

***“Aí ven o maio coas súas flores
aí ven a Madalena con outras mellores.
Levántate burro que tanto durmiche
que xa pasou o maio e ti non o viches”***

Así mesmo, nesta festa danse certas actividades complementarias, como a execución do baile do maio, a cargo da asociación «Osorio Gutiérrez», e repártese o doce de maio coa colaboración dalgunha pastelería da vila.

ILUSTRACIONES.



REPRESENTACIÓN DO MAIO



REPRESENTACIÓN DA MADALENA NUN CARRO MOI ORNAMENTADO



O MAIO E A MADALENA PERCORRENDO AS RÚAS DE LOURENZÁ

VIII. A FESTIVIDADE DOS MAIOS EN VIVEIRO.

1. A FESTIVIDADE DOS MAIOS.

Ademais a mediados de maio celébrase a festividade “dos maios”, recuperada con éxito desde 1980 no “*barrio do Campo da Urraca*” para percorrer a vila conforme a modalidade do “maio humano”, tal como se celebraba, maiormente, hai mais dun século, nas terras do norte da Galicia. Agora, en lembranza daquel costume agrario, tanto os cativos como as cativas van polas rúas da Viveiro detrás dun personaxe que simboliza “o maio”, oculto entre canaveiras, palla e ramas. Daquela os adultos bótanlle ós rapaces do cortexo castañas secas ou diñeiro, segundo llo piden nas coplas tradicionais, que tamén serven para anunciar e mesmo erguer “o maio”, dun xeito parecido ás que se entoaban en Portomarín, ata a década de 1990, e se seguen cantando en Vilafranca do Bierzo.

2. ALGUNHAS COPLAS SOBRE O MAIO.

Este é o Maio / do Campo da Urraca / o máis galano / que ten a Comarca./

Cando Maio chega / o vrao ven axiña / si non ten maiolas / bote carto da huchiña.

*Traeremos “canabeiras” / algunhas hedras tamén / flores de tódalas clases / rosas e lirios,
tamén veñen ben./*

*Xa chegou a Primavera / o inverno aló quedou / festexemolo con gracia / con ledicia e con
fervor./*

*Hai que ver como nos miran / que envidia debemos dar / acerquemoslle á festa / para que
poidan disfrutar./*

Boteno-lo maio / señores caballeros, / si non teñen maio / botennos diñeiros. /

Ehi ven o maio / pola calle d´abaixo / ehi ven o maio / de roubar un refaixo./

Ehi ven o maio / pola pescadería / ehi ven o maio / comendo pan e sardiña./

Ehi ven o maio / por encima dos tellados / ehi ben o maio de roubar ós escribanos./

Ehi ven o maio / por encima das silveiras / ehi ven o maio / de roubar as costureiras./

A sardiña podre / e o pan valorento, / boteno – lo maio / e non seña famento./

A sardiña podre / e o pan valorento / diano-lo maio / pra que entre pra dentro./

No percorrido que fai o Maio e os distintos persoeiros, que o acompañan, ornados con sombreiros de flores, hai un intre no que o Maio deitase na rúa. A continuación os seus acompañantes recítanlle as seguintes coplas:

Levántate maio / que tanto durmiches / botaron o maio / e ti non o viches./

Levántate maio / que tanto durmiches / que pasou o inverno / e ti non o viches./

Érguete maio / que moito durmiches / que pasou o cuco / e ti non o viches./

3. ILUSTRACIÓNS SOBRE O MAIO.



O MAIO DEITADO NA RÚA





FESTA DOS MAIOS. ORNAMENTACIÓN DA FESTA.



FESTA DOS MAIOS. MAIO HUMANO.

